

1º, 2º, 3º E 4º ESO 2FLE: valoraranse en cada trimestre as catro competencias (CO: comprensión oral, CE: comprensión escrita, EO: expresión oral e EE: expresión escrita, gramática e vocabulario) xunto coas observacións do profesor . Os contidos son acumulativos, é dicir, un novo trimestre engloba os contidos do anterior e así sucesivamente. Cada unha das destrezas serán valoradas coa porcentaxe seguinte:

- Comprensión oral: 10%
- Comprensión escrita: 10%
- Expresión oral: 15%
- Expresión escrita (gramática + vocabulario): 60% esta parte estará distribuída en 2 probas por trimestre, das que a 1ª proba terá un valor do 20% e a 2ª proba un 40%)
- Actitudes: 5% (o traballo diario na clase e na casa, a entrega puntual de traballos o mesmo que a realización de tarefas e o aporte diario do material ás clases).

Os contidos son acumulativos. Realizaranse diferentes probas en cada trimestre. A nota final do curso (convocatoria ordinaria de final de curso) será o resultado da media ponderada coas notas parciais dos tres trimestres, do seguinte xeito: **1º trimestre: 20%; 2º trimestre: 30%; 3º trimestre: 50%**, fixando o aprobado en 5, aínda que precisamos que é imprescindible aprobar o 3º trimestre para facer a media. Os alumnos que non sexan avaliados positivamente terán a posibilidade de levar a cabo unha proba de recuperación final de curso, baseada nos contidos mínimos recollidos nesta programación. A nota da recuperación será dun máximo de 5. Esta proba será similar á extraordinaria de xuño. Gardaranse as destrezas aprobadas en xuño para a convocatoria extraordinaria.